

# Acta Asemblea en Común extraordinaria a petición do Comité de Selección do persoal eventual de OUeC para o Concello de Ourense

Data: Luns 17 Agosto de 2015

Lugar: Local OUeC (As Burgas)

Hora: 20h

---

## 1.) Ratificación carácter de urxencia da convocatoria.

Atendendo ao novo protocolo de convocatoria de asembleas aprobado na AeC do 17/7/2015 será necesaria ratificar a urxencia da convocatoria con anterioridade a celebración da mesma.

Neste caso a urxencia débese á necesaria contratación dunha persoa como Auxiliar Político e ao necesario referendo por parte da asemblea do proceso de selección en base ao aprobado na asemblea do 05/08/2015.

Ratificada a urxencia por unanimidade.

## 2.) Publicación dos resultados definitivos do proceso de selección de persoal eventual de confianza do grupo municipal Ourense en Común e referendo por parte da Asemblea en Común (datos, emendas e resolucións levadas adiante polo Comité de Selección en base aos criterios aprobados na asemblea do 05/08/2015).

Inicia a primeira quenda de palabra o voceiro do Comité de Selección quen procede a presentar o relatorio do Proceso de Selección de Persoal Eventual en base aos criterios aprobados na asemblea do 05/08/2015 (*vid* bases do proceso: <http://ourenseencomun.info/ourense-en-comun-abre-o-proceso-de-seleccion-para-o-seu-persoal-eventual-no-concello/>):

→ **Recepción de documentación:** data límite martes 11/08/2015. Dúas solicitudes quedaron fóra do mesmo por non cumprir os prazos. Asemade recibíronse varias propostas por correo-e nas que simplemente se presentaba o CV sen atender aos criterios publicados nas bases, polo que non foron valorados.

→ **Xuntanza Comité Selección** conformado por unha persoa de cada GT e o GT Institucional ao completo o mércores 12/08/2015 en reunión aberta a partir das 18h no local de Ourense en Común. Analízase a documentación recibida e a súa veracidade. En base á mesma 9 persoas non superan a 1ª Fase e 3 persoas non superan a 2ª Fase, posto que para acceder ao derradeiro estadio era necesario acadar 60 puntos en cada unha das anteriores.

Só 4 persoas das 18 que presentaron documentación (incluídas aquelas que a entregaron fóra de prazo) chegan á fase final. Nesta sería o GT Institucional quen repartiría os derradeiros 60 puntos cos que se pecharía a suma. En base a esta publícase o seguinte **listado provisional** abrindo un tempo de alegacións:

**Nota:** contacto mediante correo electrónico en [cordinacion-ourense-en-comun@googlegroups.com](mailto:cordinacion-ourense-en-comun@googlegroups.com)

# Proceso de selección de persoal eventual do grupo municipal de Ourense en Común

**CONSENSUADO NA ASEMBLEA DO 04/08/2015**

**COMISIÓN DE VALORACIÓNS DO 12/08/2015**

Un Comité de Selección conformado por un representante de cada Grupo de Traballo de Ourense en Común e o Grupo de Traballo Institucional foi o encargado de revisar toda a documentación e as autovaloracións das persoas candidatas e ordenalas ca puntuación acadada na valoración tanto dos criterios de afinidade co proxecto de OUEC como da valoración curricular nos termos recollidos no Anexo 1 da convocatoria e aprobados por consenso na Asemblea en Común do 04/08/2015.

Os resultados provisionais deste Comité de Selección son os seguintes:

Excluídos na primeira fase (non superar o mínimo de 60 puntos)				
Documento Identidade	****8164 – C			
	****3454 – V			
	****2164 – P			
	****4828 – Y			
	****7100 – Y			
	****6753 – X			
	****6067 – A			
	****6838 – T			
	****1877 – X			
Excluídos na segunda fase (non superar o mínimo de 60 puntos)				
Documento Identidade	****9114 – E			
	****8816 – H			
	****8556 – H			
Puntuación definitiva				
Documento Identidade	Puntuación 1ª Fase	Puntuación 2ª Fase	Puntuación 3ª Fase	Total
****0337 – S	60	60	25	145
****3317 – T	60	83	58	201
****9907 – W	80	79	50	209
****1160 – X	60	68	55	183

Este resultado será comunicado directamente ao correo-e facilitado polas persoas interesadas, na rolda de correo-e interna de Ourense en Común e na web [ourenseencomun.info](http://ourenseencomun.info)

## CALENDARIO

Apertura prazo de alegacións: ata o **venres 14 de agosto ás 23:59h**. Estas poderanse presentar fisicamente no espazo do Grupo Municipal na planta soto da Casa Consistorial ou por correo-e a [ourenseencomun@ourense.gal](mailto:ourenseencomun@ourense.gal)

Publicación de resultados definitivos e referendo da Asemblea en Común: Convócase unha Asemblea Extraordinaria, a solicitude do Comité de Selección, o **luns 17 de agosto ás 20h no Local de Ourense en Común** na Rúa das Burgas nº8 Baixo para tratar un único punto na orde do día: *Publicación dos resultados definitivos do proceso de selección de persoal eventual de confianza do grupo municipal Ourense en Común e referendo por parte da Asemblea en Común.*

**Nota:** contacto mediante correo electrónico en [cordinacion-ourense-en-comun@googlegroups.com](mailto:cordinacion-ourense-en-comun@googlegroups.com)

→ **Xuntanza Comité Selección (resolución de alegacións)**: recibidas as alegacións de tres persoas o Comité de Selección reúnese o luns 17/08/2015 ás 18h no local de Ourense en Común para debater e resolver as mesmas, convocándose ás 19h a aquelas persoas que as presentaron por escrito para informarlle a decisión do órgano resolutivo e ao tempo brindarlle a oportunidade de defendela fisicamente en persoa. Á convocatoria non se presenta ningunha persoa e polo tanto ponse en coñecemento da asemblea o documento coas valoracións completas (Anexo 1) e as resolucións sobre alegacións presentadas, abrindo unha quenda para solucionar calquera tipo de dúbida sobre as mesmas:

**\*Alegación 1:** Dúbida sobre diferenciación entre encontros de barrio e encontros de barrio en campaña. Son actos diferentes polo que foron computados de modo separado.

**\*Alegación 2:** Presentouse unha proposta de modificación da autovaloración do solicitante con Documento Identidade \*\*\*\*9114 – E. Atendida as demandas o Comité resolve:

- Aceptar, despois de confirmar a súa participación en doazóns/préstamos a OUeC, sumar 10 puntos na 1ª Fase.

- Non aceptar a proposta de modificación de valoración na 2ª Fase ao non presentar autovaloración sobre a mesma, nin documentación xustificante nin ter asistido a convocatoria das 19h do Xuntanza do Comité (resolución alegacións) para defender a alegación presentada.

**\*Alegación 3:** Presentouse unha alegación sobre a autovaloración realizada pola solicitante con Documento Identidade \*\*\*\*9907 – W no referido ao seu grao de participación en campaña. Atendida tal demanda o Comité resolve:

- O sistema binario escollido para puntuar na 1ª Fase non permite graduar as cualificacións. A emenda debatida na Asemblea en Común do 05/08/2015 na que se pretendía implementar tal modelo foi desbotada por consenso. Xa que logo a labor do Comité limitárase a avaliar si (10 puntos) e non (0 puntos). En base a tal, e unha vez confirmada a participación da solicitante con Documento Identidade \*\*\*\*9907 – W nos seguintes eventos de campaña: Sinatura Código Ético na Casa Consistorial, Presentación Representantes, Encontro de Barrio (A Carballeira), Peche de Campaña (discurso); decídese desbotar a alegación.

Ábrese unha quenda de palabra para responder a dúbidas respecto ás alegacións e ao proceso de selección:

- Proposta de contemplar as persoas que quedaron fóra de prazo. O Comité de Selección limitouse a cumprir o acordado na asemblea do 05/08/2015 e recollido nas bases da convocatoria. De incumprir un destes puntos deberá ser a asemblea soberana a que tome a decisión.

- Dúbidas ao respecto da \*Alegación 3 de participación da solicitante con Documento Identidade \*\*\*\*9907 en Campaña. O Comité de Selección reincide no argumentario anteriormente presentado.

Contestadas todas as dúbidas e consultadas as cualificacións o Comité de Selección de Persoal Eventual de Ourense en Común no Concello de Ourense, en base ao acordado na asemblea do 05/08/2015 somete a referendo por parte da asemblea a seguinte resolución definitiva:

**Nota:** contacto mediante correo electrónico en [coordinacion-ourense-en-comun@googlegroups.com](mailto:coordinacion-ourense-en-comun@googlegroups.com)

## Anexo 1:

### Proceso de selección de persoal eventual do grupo municipal de Ourense en Común // Valoracións 12/08/2015 // Alegacións e referendo 17/08/2015

Documento identidade	1ª Fase		2ª Fase							3ª Fase	Alegacións Presentadas	Resolución comité	
	Autovaloración	Observacións Comité	Requisito		Formación Académica	Idiomas	Mestrados Cursos	Experiencia Laboral	Outros				Observacións Comité
			Ed.Sec.	Celga III									
****0337 – S	60		X	X	25	10	5	10	10		25		
****8164 – C	0	É necesario acadar mínimo 60 puntos para ser valorada na 2ª fase	-	-	-	-	-	-	-	Non supera 1ª Fase	-		
****3454 – V	5	É necesario acadar mínimo 60 puntos para ser valorada na 2ª fase	-	-	-	-	-	-	-	Non supera 1ª Fase	-		
****3317 – T	60		X	X	25	12	9	25	12		58	Encontros de barrio en campaña	Os encontros de barrio foron eventos diferentes aos de campaña
****0433 – N	-		-	-	-	-	-	-	-	Documentación entregada fóra de prazo	-		
****8816 – H	70		X	X	25	10	3	-	10	Non supera 2ª Fase	-		
****8556 – H	70		X	X	25	-	-	25	-	Non supera 2ª Fase	-		
****9114 – E	80 + 10		X	X	5	17	6	0	6	Non supera 2ª Fase	-	Modificar valoración	10 puntos máis en doazóns Non modificación da 2ª Fase ao non ter presentado documentación en convocatoria de emendas
****2164 – P	0	É necesario acadar mínimo 60 puntos para ser valorada na 2ª fase	-	-	-	-	-	-	-	Non supera 1ª Fase	-		
****4828 – Y	0	É necesario acadar mínimo 60 puntos para ser valorada na 2ª fase	-	-	-	-	-	-	-	Non supera 1ª Fase	-		
****6838 – T	60	Items incorrectos	-	-	-	-	-	-	-	Non supera 1ª Fase	-		
****1877 – X	60	Items incorrectos	-	-	-	-	-	-	-	Non supera 1ª Fase	-		
****7100 – Y	0	É necesario acadar mínimo 60 puntos para ser valorada na 2ª fase	-	-	-	-	-	-	-	Non supera 1ª Fase	-		

Nota: contacto mediante correo electrónico en [coordinacion-ourense-en-comun@googlegroups.com](mailto:coordinacion-ourense-en-comun@googlegroups.com)



****9907 – W	80		X	X	25	12	7	25	10		50	Non participar en campaña	Participou en campaña (si) Análise binaria (si/non)
****6753 – X	0	É necesario acadar mínimo 60 puntos para ser valorada na 2ª fase	-	-	-	-	-	-	-	Non supera 1ª Fase	-		
****6067 – A	0	É necesario acadar mínimo 60 puntos para ser valorada na 2ª fase	-	-	-	-	-	-	-	Non supera 1ª Fase	-		
****5904 – E	-		-	-	-	-	-	-	-	Documentación entregada fóra de prazo	-		
****1160 – X	60		X	X	25	10	7	25	1		55		

**Nota:** contacto mediante correo electrónico en [coordinacion-ourense-en-comun@googlegroups.com](mailto:coordinacion-ourense-en-comun@googlegroups.com)

Referendase e apróbase por consenso o *Proceso de selección de persoal eventual do grupo municipal de Ourense en Común* presentado. En base ao mesmo nomease á persoa que acadou a maior puntuación superando os criterios de avaliación de afinidade, méritos e traballo en equipo. Esta persoa é Montserrat Valencia, quen pasará a formar parte de inmediato do GT Institucional, aplicándosele as mesmas obrigas e deberes do Código Ético e Código de Boa Gobernanza que ás tres concelleiras de Ourense en Común.

Preséntase unha proposta para que, en caso de ausencia ou necesaria substitución, esta sexa cuberta pola seguinte persoa con maior puntuación e así sucesivamente. Unha proposta que ao non ser presentada en tempo e forma deberá ser aprobada na seguinte asemblea co protocolo regulamentario.

### 3.) Próxima asemblea.

A próxima asemblea será a ordinaria do mes de setembro (convocatoria tradicional – Doodle) agás emerxencia que será convocada unha Asemblea Extraordinaria seguindo o protocolo acordado. A previsión pasa por convocar unha Asemblea Extraordinaria para debater o Pleno Ordinario do Mes de Setembro, está será o martes 1 de setembro. Para traballar sobre as mocións a presentar no mesmo abrírase un fío de conversa en rolda interna para aportar suxestións. De igual modo tal competencia queda delegada nos GT de Relato e Análise e Institucional.

### 4.) Varios.

- Reflexión sobre baixa participación verán.
- Reflexión sobre a apertura do proceso a persoas sen cualificación.
- Proposta para unha quedada reflexiva antes de setembro para acondicionar o local.
- Bote de STOP DESAFIUZAMENTOS para unha familia que necesita axuda.
- Informase sobre a situación actual da reivindicación de maior partida orzamentaria para o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.
- Reflexión sobre as mocións presentadas en pleno.

**Levántase a sesión sendo as 21:30h**